


Usos da auga

FONTE DE ENERXÍA

A auga dos ríos e do mar utilízase para producir enerxía aproveitando os seus movementos (correntes, ondas) ou encorándoa.

A forma máis común de aproveitar a enerxía da auga é utilizando diferentes tipos de RODAS HIDRÁULICAS. As rodas hidráulicas son a base do funcionamento dos muíños, batáns, mazos, serradoAdela Leiro Mon Daportairos, noras e centrais hidroeléctricas de río ou de marea.

DISTINTOS TIPOS DE RODAS HIDRÁULICAS



Central mareomotriz en La Rance (Francia)



detalle da turbina




Muíño de marea. A Seca, Cambados



Muíños no río Barosa. Barro



Roda na Ferrería de Bogo.



CENTRAL HIDROELÉCTRICA


Presa no río Miño. Os Peares.



A enerxía das ondas mariñas utilízase para mover diferentes mecanismos que impulsan un xerador eléctrico.




Central de ondas antes de ser mergullada. Portugal



Esquema dunha central de ondas situada nun cantil.

O peso da auga pódese utilizar para mover mecanismos sinxelos.

Petacán, para espantar paxaros.



Mazo de azucre.

As máquinas de vapor funcionan polo empuxe que exerce a auga ao aumentar de volume cando se converte en vapor.



a auga é vida 10

Adela Leiro
Mon Daporta

MEDIO DE TRANSPORTE

Os mares, ríos e lagos serviron sempre de medios para o desprazamento de diferentes tipos de embarcacións que transportan persoas e mercadorías, ou como actividade de lecer e deportiva.



Canoa de totora no lago Titicaca.



Barco de pesca



Embarcacións tradicionais a vela



Trasatlántico



Barcos-vivenda en Amsterdam.

INDUSTRIA

A auga pode ser utilizada como materia prima, como disolvente, como refrixerante, para transportar materiais ou para limpeza.



Uso da auga como refrixerante nunha central térmica



Uso da auga como diluente nunha fábrica de papel



Uso da auga como disolvente e refrixerante nunha fábrica de pasta de celulosa.